



O ALTO DOS XENERAIS

Patrimonio Inmaterial de

Bandeira

O Alto dos Xenerais de Bandeira

O “Alto dos Xenerais” de Bandeira é unha das expresións do Entroido tradicional de Galicia. Trátase dunha festa popular, representación do folclore local e pegada etnográfica da cultura galega.

Os personaxes máis importantes deste Entroido son os Xenerais e os Correos, que engalanados e montados a cabalo, recorren as parroquias dando vivas a veciños e visitantes. Van acompañados dun “exército” de abandeirados, coros, comparsas e parrandas e rematan o día interpretando un atranque ou alto, enfrontamento dialéctico que se aproveita para facer burla dos asuntos locais, de política ou do corazón acontecidos no último ano.

Dende a escola pensamos que era un bo punto de partida para traballar aspectos tan importantes coma:

- A conservación dunha tradición oral tan viva no noso pobo como é o Alto dos Xenerais e que forma parte do noso patrimonio inmaterial.
- A convivencia con outros centros a través de Encontros de Entroido con outros centros que tamén están traballando con esta tradición de oratoria e regueifa.
- Incluír aos nenos e nenas do cole nun “Alto infantil” para que dende pequenos teñan ilusión de participar no Alto e conservar esta tradición
- Traballamos contidos moi importantes de Historia relacionados coas guerras carlistas que estudan en 6º, de lingua xa que traballan a oralidade, a rima, a composición das arengas (o alumnado que participa no alto crea e interpreta as arengas), o ritmo, a entoación, ...

A través deste *podcast* tentamos facer chegar ás familias a importancia desta tradición e que debemos conservar dentro do noso Patrimonio Inmaterial.

Esta é a escaleta do programa de radio feita integramente polo alumnado de 6º coa participación dunha alumna de 5º, para contar o que é o “Alto dos Xenerais” na radio.

Persoa	Que di?
Carme	<p>Alto de Manuel:</p> <p style="text-align: center;">No sueñes en la victoria</p> <p style="text-align: center;">Ni presumas de ilusiones</p> <p style="text-align: center;">Que aquellos que tanto soñaron</p> <p style="text-align: center;">Los quemaron mis cañones</p>
Samuel	<p>Esta arenga que acabamos de escoitar fíxoa Manolo de Servando, un xeneral moi importante do Entroido da Bandeira. Con ela introducimos este programa de Radio Garabullo a que conta moita pero non fai barullo. Que imos a dedicar a valorar e a dar a coñecer unha parte da nosa tradición oral, do noso patrimonio: "O Alto dos Xenerais de Bandeira"</p>
Jessi	<p>Eu levo pouco vivindo na Bandeira e gustaríame que me explicarades Que é o Alto dos Xenerais?</p>
Alex	<p>É un enfrontamento ou atranque entre dous bandos de distintas parroquias, búrlanse dos veciños, das autoridades, da zona e de si mesmos; loitan entre eles empregando Arengas.</p> <p>Rematan como amigos</p>
Lois	<p>Que non se vos esqueza que hai dous bandos:</p> <p>O invasor que é o que quere pasar, cruzar a fronteira e</p> <p>O defensor que é o que lle impide o paso</p>
Sara	<p>Quen empeza o Alto?</p>

Paula	Soe empezar o Bando defensor, neste caso o de Bandeira e empeza o atranque o Sentinela, contra o Correo
Samuel	Escoitade.... esta é unha arenga típica dun sentinela. Hoxe interpretada por Silvia que participou no Alto infantil este ano
Silvia	<p style="text-align: center;">Alto quen vive correo</p> <p style="text-align: center;">A onde vas con tanta carreira</p> <p style="text-align: center;">Que documentación tes ti</p> <p style="text-align: center;">Para poder entrar na Bandeira</p>
Elena	<p>O Sentinela encárgase de establecer un diálogo co Bando invasor para logo deixar paso aos xenerais de ambas partes.</p> <p>Van vestidos co uniforme militar: Pantalón branco, botas e escopeta</p>
Lía	O correo anuncia a chegada do Bando invasor. Viste uniforme militar e na cabeza un gorro circular con contas de cores.
Jessi	Ahh! Xa entendo! Segundo as persoas que participan no Alto pode chegar a haber varios xenerais
Sara	<p>Xa o vas pillando!!!</p> <p>Escoita a Paula (Xeneral terceiro do exército de Bandeira) que se enfronta a Samuel (Xeneral terceiro do exército do Cole)</p>
Paula	Unha valente sentinela

	<p>Veume traer un recado Que andaba pola fronteira Un homiño disfrazado O meu nome é Paula Meu apelido Nercellas Pichel Ti pola Bandeira non pasas Nin co permiso do alcalde Manuel Alto! Alto! e Alto!!</p>
Samuel	<p>Eu son Samuel Rodríguez Con residencia en Piñeiro Teño moitas vacas E tamén teño un carneiro O meu carneiro non vai dudar En pegarche unha cornada E pincharte do cabalo Para que non vaias á Empanada.</p>
Carme	<p>Estes xenerais que acabades de escoitar levan unha vestimenta típica. Lembra aos uniformes militares. Levan unha chaqueta con charreteiras e un tricornio con pluma de pavo real. Soe levar dúas bandas: A de Galicia e a de España, ademáis leva un faixín, botas altas e espada.</p>
Lois	<p>Como chegan ao encontro os xenerais?</p>
Alex	<p>Chegan a cabalo agás o Sentinela que vixía o Bando de</p>

	Bandeira e ten escopeta
Jessi	Escoitei que Elena e Lía foron xerais segundos dos seus bandos. Podedes interpretar algunha arenga para min?
Lía	<p>Pedíronme que viñera axiña</p> <p>Para pararche os pés</p> <p>Coma te poñas farruca</p> <p>Logo marchas por onde vés</p> <p>Quero saber quen é o fantoche</p> <p>Que se presenta na fronteira</p> <p>Vaste ter que identificar</p> <p>Se queres entrar en Bandeira</p>
Elena	<p>Chámome Elena Rivas</p> <p>E son estudante do colexo</p> <p>Como non me deixes pasar</p> <p>Voute esfolar coma un conexo</p> <p>Eu trouxen os meus soldados</p> <p>E están preparados para atacar</p> <p>Se queres entrar en batalla</p> <p>Polas bragas vaste cagar</p>
Sara	Como vedes ao principio das arengas os xenerais fan a súa presentación.
Samuel	E seguimos co xeneral primeiro. Neste caso Carme do exército de Bandeira

Carme	<p>Teño a espada moi limpa</p> <p>Aínda non a quero ensuciar</p> <p>Coa sangue das túas venas</p> <p>Que nesta batalla vas derramar</p> <p>Espero que veñas preparada</p> <p>E que traigas moitos recursos</p> <p>Porque eu hoxe na Bandeira</p> <p>Non vou deixar que pasen intrusos</p>
Lois	<p>O Alto remata cando os Xenerais primeiros chocan as espadas e dan os "Vivas"</p>
Carme	<p>Oigan señores digan todos a mi voz</p> <p>Viva o Entroido da Bandeira</p> <p>E Santirso de Manduas unidos</p> <p>Vive los jefes que la dirigen y mandan</p> <p>Viva la música y siga</p>
Samuel	<p>E ata aquí a explicación do Alto dos Xenerais, unha tradición que hai que buscar nos diferentes enfrontamentos armados que se sucederon na comarca ao longo do século XIX.</p> <p>E ata aquí un programa máis de "Radio Garabullo a que conta moito e non fai barullo"</p> <p>Adeus</p>